

ACTA DA ASAMBLEA DO 25 DE MAIO DO 2012.

Asisten a esta assemblea no Gómez Gaioso: Mariola, Pepe, Manolo Pazos, Susi, Tono, Patxi, Eva, Carmen e Lydia.

### **1. Xuntanza coa concelleira de Cultura.**

O pasado 15 de Maio Pepe, Tono, Carme, Martiño e Dinorah asisten a una reunión coa concelleira de Cultura.

Esta reunión era a resposta á nosa solicitude de poder xuntarnos co alcalde para falar do estado actual do edificio. A reunión por parte do concello non estaba moi preparada, aínda que a actitude da concelleira era máis aberta e perceptiva á nosa información que en ocasións anteriores.

Un dos temas principais era a titularidade do edificio. Eles din que o edificio é propiedade e responsabilidade do SEIP, aínda que están en trámites futuros de negociar a súa cesión, esto suporá unha cantidade de diñeiro, da que na actualidade non dispoñen. Das obras que tiveron lugar estes pasados meses (tapiado de ventanas, etc) din non saber nada, e do garda de seguridade tampouco. Din que todo corre a cargo de Madrid, que eles non teñen nada que ver. Non teñen ningún proxecto a curto prazo, aínda que están a pensar en facer algo alí (cando haxa cartos) "moi chulo" (?).

Aprovéitase a reunión para presentar o power point realizado por Martiño e Dinorah sobre o proxecto e quedan moi impresionadas polo traballo realizado. Amosan un especial interese polo tema do albergue e do centro de creación para artistas.

Para finalizar a concelleira propón que teñamos unha reunión co concelleiro de urbanismo e infraestruturas, comprometéndose ela mesma a formalizala.

Falamos daquela da importancia desta reunión e de cómo enfocala. Que imos presentarlles e con que intención. Sae a posibilidade de levarlles o Dossier, para o cal debería estar este primeiro rematado. Falar tamén do edificio a un nivel máis técnico, aínda que non sexa este o hilo principal, senón máis ben unha presentación do Proxecto Cárcere neste departamento, para darlle visibilidade ao noso traballo, e ao noso sentimento de recuperación do edificio.

Sínálase o dobre filo de que se fale moito do cárcere, pois abrírlles os ollos poñendo de manifesto o inmenso valor do edificio, pola súa situación, a súa estrutura, etc pode supoñer un aumento de interese na proposta de proxectos máis institucionais...

Coméntase tamén a posibilidade de que estas reunión e pasos que imos facendo puideran saír na prensa, para que nós teñamos maior visibilidade.

Valórase se as nosas actuacións últimamente están sendo moi direccionadas cara ao concello, e se máis ben deberíamos presentar o dossier antes á cidadanía e completalo entre todas coas aportacións que poidan xurdir. Debemos contar coa cidade.

Quedamos en que esta semana faríamos unha chamada ao concello para ver como vai o trámite da reunión con urbanismo e de plantexarnos o plan de acción cara esta reunión.

### **2. Plan de viabilidade**

No dossier aínda hai moito que traballar. Formouse un grupo de dinamización do dossier, para completa-los puntos que quedan por facer, para analizar os puntos conflictivos e para redactalo

dun xeito uniforme e coherente. Neste grupo de traballo están: Tono, Mariola, Cris, Patxi, Tomi e Lydia. Quedarán esta semana para unha primeira reunión e propónse como data finais de Xuño.

### 3. Xornadas. Datas. Organización

Na anterior asamblea fálárase dunhas "Xornadas de portas cerradas" con varias actividades a realizar en locais cercanos ao cárcere (bares, centros sociais, etc). Pensamos que a data para levar a cabo estas xornadas sería Setembro, despois do verán, pois no medio do verán a organización pode estar máis dispersa.

Sen embargo, propónse facer un aniversario das primeiras xornadas co nome de "Tempo das cereixas" no que se podería presentar en público o dossier, o traballo de Dinorah, facer mesas de traballo de cada grupo de traballo, tratando puntos conflituivos e interesantes e rematar este aniversario con actos lúdico-festivo-reivindicativos. Un dos espazos que sae para facer este aniversario é o Ánxel Casal. A data que se baralla é finais de xuño, para que estea listo tamén o dossier e poder presentalo.

Fórmase un grupo de traballo para organizar isto no que están Tono , Carme e Pepe (?)

### 4. Financiamento

Saltamos este punto porque o tempo se nos veu encima. Queda posposto para a seguinte asamblea.

### 5. Grupos de traballo

Infraestructuras, Proxectos e Xestión estiveron parados e non teñen ningún comentario para facer.

Comunicación:

Sínálase o fallo da comunicación interna. Sobretudo o problema son os correos co grupo de coordinación. Poñerémonos en contacto con Roci para ver se pode saber algo de como arranxar isto.

A wiki, o blogue e o facebook están sendo xestionados case sempre por unha mesma soa persoa. Pídese un pouco participación nestas labores de actualización de contidos.

Sae o tema do malentendido da participación nas xornadas do 15-M. Isto tamén é un reflexo do fallo de comunicación no grupo. Cando xurda a elaboración dun programa para participar nalgún tipo de evento deberase formar un pequeno grupo de persoas que xestionen iso. Pénsase que o grupo de xestión podería facerse cargo disto, nestes momentos nos que non teñen moitas tarefas.

### 6. Varios

Rede transibérica de esocios culturais independentes: a última finde de xuño ten lugar o segundo encontro da Rede, no que estamos convidados a participar. Todavía non se lle deu resposta. Carmen ou Lydia estarían dispostas a asistir. Esta semana confirman.

Divulgación don traballo de Dinorah: temos que pensar en como poderíamos presentar á sociedade este traballo. Unha das posibilidades sería presentalo no aniversario das Xornadas.

Reunión AA.VV Montecalto: Esta semana intentará facerse a reunión coa asociación de veciños de Montecalto.